

TERMOS DEFINIDOS

PUNTO 1. POBOACIÓN, ECONOMÍA AGRARIA E RÉXIME SEÑORIAL

1. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- a) **OPENFIELD** (páxina 10): *Grandes extensións de terreo sen valados, que podían ser propiedade individual ou colectiva, dedicados fundamentalmente ao cultivo de cereais, e que foi o sistema de explotación predominante en case toda Europa durante o Antigo Réxime.*
- b) **BOCAGE**: (páxina 10): *Parcelas pequenas delimitadas por valados ou sebes, con cultivos diversificados, que constituían a paisaxe agraria típica da Europa atlántica durante o Antigo Réxime.*
- c) **SEÑORÍO TERRITORIAL**: (páxina 11): *Porción do territorio propiedade dun señor feudal, laico ou eclesiástico, na cal o señor posuía a propiedade da terra e nas que os campesiños debían pagar ao señor unhas rendas pola explotación das súas parcelas.*
- d) **SEÑORÍO XURISDICCIONAL** (páxina 11): *Porción do territorio baixo o dominio dun señor feudal, laico ou eclesiástico, na cal o señor exercía a xustiza, nomeaba cargos ou percibía impostos polo uso dos monopolios señoriais (forno, muíño, adega, pasos...) dun territorio.*
- e) **RÉXIME DEMOGRÁFICO** (páxina 11): *Conxunto de pautas demográficas que segue unha poboación na súa evolución, da que se recoñecen tres etapas ao longo da historia: o réxime demográfico antigo (natalidade e mortalidade elevadas), réxime demográfico de transición, con dúas fases (alta natalidade e redución da mortalidade primeiro, e caída da natalidade e baixa mortalidade despois), e réxime demográfico moderno (baixas taxas de natalidade e de mortalidade).*
- f) **DOMESTIC SYSTEM** (páxina 12): *Sistema de traballo a domicilio que se desenvolveu a partir do século XVII e que consistía en que un investidor capitalista compraba as materias primas e repartíaaas entre os fogares campesiños nos meses de descanso agrícola, elaborándose alí os produtos, para ser recollidos e comercializados despois polo investidor.*
- g) **REAIS FÁBRICAS** (páxina 12): *Grandes fábricas patrocinadas polos Estados que se desenvolveron en Europa ao longo do século XVIII, que se dedicaron fundamentalmente á fabricación de produtos de luxo, e que apenas aplicaron innovacións técnicas nin usaron máquinas.*
- h) **FEIRAS** (páxina 13): *Centros de comercio nos que desenvolvía o comercio interior dos Estados do Antigo Réxime, que adoitaban celebrarse anualmente e que abranguían intercambios nacionais ou incluso internacionais.*
- i) **MERCADOS** (páxina 13): *Centros de comercio a nivel local local ou rexional nos que se desenvolvía o comercio interior dos Estados do Antigo Réxime e que adoitaban celebrarse semanalmente.*
- j) **GRANDES COMPAÑÍAS PRIVILEXIADAS** (páxina 13): *Empresas patrocinadas polos Gobernos, que se xeneralizaron no século XVII, e que tiñan o monopolio do comercio coas zonas do mundo que dominaban os Estados da Idade Moderna.*

PUNTO 2. A SOCIEDADE DOS PRIVILEXIOS

2. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- a) **ARISTOCRACIA** (páxina 16): *Nivel máis alto da nobreza, integrado polas grandes familias, as máis ricas e poderosas, ás que se reservaban os altos cargos da Administración e do Exército.*
- b) **CLERO REGULAR** (páxina 16): *Tipo de clero, que se rexía por unha regra, e que soía vivir en comunidades monásticas, entre os que están os monxes e as monxas, os abades e as abadesas, e outros membros das ordes monásticas e relixiosas.*
- c) **CLERO SECULAR** (páxina 16): *Tipo de clero que comprendía aos membros da Igrexa que non se rexían por unha regra concreta, entre os que están os sacerdotes e os membros da xerarquía eclesiástica.*
- d) **BURGUESÍA** (páxina 17): *Grupo social característico do Antigo Réxime, que pertencía ao grupo dos non privilexiados, e que incluía a comerciantes, propietarios dos obradoiros e doutros negocios, rendistas, funcionarios, médicos, artistas, homes de letras e científicos.*

PUNTO 3. O ABSOLUTISMO E A SÚA PRÁCTICA DE GOBERNO

3. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- a) **MONARQUÍA ABSOLUTA** (páxina 19): *Sistema de goberno característico do Antigo Réxime, segundo o cal os reis dirixían persoalmente o goberno, sen necesitar o consentimento de asembleas representativas, contaban con gobernos e institucións centralizadas, alleas aos poderes locais, e dispoñían dun exército permanente e dunha burocracia capaces de impoñer as decisións do monarca e de castigar calquera forma de disidencia.*
- b) **DESPOTISMO ILUSTRADO** (páxina 20): *Forma de goberno característica das monarquías absolutas do século XVIII a través das cales os monarcas realizaron unha política de reformas baseadas nas ideas da Ilustración para tratar de solucionar os graves problemas económicos e sociais que afectaban aos seus Estados, pero sen contar para elo nin coa opinión nin coa participación dos seus súbditos, polo que este sistema adoita resumirse coa frase “todo para o pobo, pero sen o pobo”.*

PUNTO 5. ILUSTRACIÓN E CRÍTICA AO ANTIGO RÉXIME

4. Define os seguintes termos a partir do que estudaches no tema:

- a) **ENCICLOPEDIA** (páxina 26): *Publicación, dirixida polo matemático D’Alembert e polo filósofo Diderot, na que participaron os pensadores máis destacados da Ilustración francesa, que trataba de recopilar o coñecemento da época, e a través da que se defendía a tolerancia, a modernización da economía e o interese pola ciencia e pola técnica.*